

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 31 DE AGOSTO DE 2018

2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa a declarar deserta a licitación da subministración dun vehículo tipo furgón transformado en vehículo policial para servizo de atestados; e inicio dun novo procedemento. Acórdase declarar deserta a licitación e iniciar un novo procedemento de licitación por procedemento negociado sen publicidade mantendo na súa totalidade as condicións da anterior licitación.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa a declarar deserta a licitación da subministración dun vehículo todoterreo tipo Pick Up para protección civil do Concello de Santiago; e inicio dun novo procedemento. Acórdase declarar deserta a licitación e iniciar un novo procedemento de licitación por procedemento negociado sen publicidade mantendo na súa totalidade as condicións da anterior licitación.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Informática relativa á prórroga do contrato de prestación do "servizo de mantemento das aplicacións informáticas de xestión tributaria e recadadora, padrón de habitantes e convocatorias electorais do Concello de Santiago. Acórdase prorrogar o contrato asinado coa empresa T-SYSTEMS ITC Iberia polo prazo dun ano, a contar desde o 3 de setembro de 2018. O gasto previsto é de 35.836 euros, IVE incluído.

5.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración con competencias en contratación relativa á recepción da execución das obras do proxecto "Mellora e rehabilitación dos pavimentos nos viarios das parroquias de Sabugueira, Feixas e Marrozos", do Plan Complementario POS 2016". Apróbase a proposta.

6.- Proposta da concelleira delegada de Mercados relativa á renuncia á titularidade das casetas NC049 e NC050 do Mercado de Abastos. Apróbase a proposta.

7.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre actividades económicas, no imposto sobre bens inmobles. Apróbase a proposta.

132.- Proposta da concelleira de Políticas Sociais relativa ao inicio do procedemento, aprobación de bases reguladoras da convocatoria pública para a concesión de subvencións de cooperación ao desenvolvemento ano 2018. Apróbanse as bases reguladoras e a convocatoria para a concesión de subvencións de cooperación ao desenvolvemento para o ano 2018. O importe destinado a esta convocatoria é de 120.000 euros. O prazo de presentación de solicitudes é de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no BOP.

133.- Convalidación das obras executadas no expediente para o mantemento de alumado público, instalacións eléctricas dos locais municipais e do alumado ornamental dos monumentos do Concello de Santiago de Compostela", no que se incluía unha partida destinada á realización de "modernización, reformas ou ampliacións dos alumados existentes ou traballos que redunden en melloras do aproveitamento enerxético. Apróbase a proposta.

134.- Recoñecemento extraxudicial de créditos. Apróbase a proposta.

135.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do expediente de contratación das obras de ampliación e mellora da plataforma de rodadura do viario de acceso a Lamascal (CON/55/2018). Apróbase o expediente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 148.511,72 euros, IVE incluído.

136.- Dar conta da Resolución da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que se resolven as subvencións ás entidades locais da CA de Galicia para a promoción da igualdade de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo FSE con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, convocatoria 2018. Dáse conta da concesión dunha subvención da Secretaría Xeral da Igualdade, por importe de 45.000 euros, dentro do programa de apoio aos CIM.

URXENCIAS

1.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do Servizo de redacción de proxecto básico e redacción do proxecto de seguridade e saúde, dirección de obra da reurbanización da rúa Clara Campoamor. Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor de PROYFE S.L., por un importe de 80.949 euros, IVE incluído. Proyfe comprométese a realizar un estudo de integración paisaxística e mellora da biodiversidade que contemple a estación intermodal e a pasarela sobre as vías, as vellas edificacións do ensanche de Pontepedriña (rúas Ulla, Boqueixón e Vedra, e o parque das Brañas de Sar, xunto coa proposta de reurbanización da rúa Clara Campoamor. Tamén se compromete á realización dun estudo de integración da mobilidade peonil e ciclista na contorna da rúa de Clara Campoamor, que propicie a accesibilidade á estación intermodal, ao parque das Brañas de Sar e a contorna urbana adxacente.

2.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á corrección de erro no acordo tomado na Xunta de Goberno Local do 24 de agosto de 2018 sobre reanualización de obras. Apróbase a proposta.